

INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS

COMEDOR ESCOLAR CURSO 2024-2025

Recibida a Instrución 1/2024 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación Formación Profesional e Universidades, do 01 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2024/2025, informámoslos das novidades que no referente ao comedor escolar hai que ter en conta:

I. Custo diario do servizo de comedor escolar.

Poden darse catro variantes:

1. Alumnos/-as que teñen **servizo gratuíto (non pagan nada)**:
 - Os pertencentes a unidades familiares en situación de exclusión social (certificada polos servizos sociais autonómicos ou municipais correspondentes).
 - Os que se atopen en situación de acollemento residencial ou familiar.
 - Os que teñen un grao de discapacidade declarado igual ou superior ao 33%.
 - Os pertencentes a unidades familiares vítimas de terrorismo ou de violencia de xénero, acreditada documentalmente.
 - Os pertencentes a unidades familiares cunha **renda familiar anual neta per cápita inferior a 7.000 €**
2. Alumnos/-as que teñen que pagar **1 € diario** polo servizo:
 - Os de unidades familiares que teñen **un ou dous** menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil e teñan **unha renda anual neta per cápita de 7.000,01 a 8.000 €**
 - Os de unidades familiares que teñen **tres ou máis** menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil e teñan **unha renda anual neta per cápita igual ou superior a 7.000,01 €**
3. Alumnos/-as que teñen que pagar **2,50 € diarios** polo servizo:
 - Os de unidades familiares que teñen **un ou dous** menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil e teñan **unha renda anual neta per cápita de 8.000,01 a 9.000 €**

4. Alumnos/-as que teñen que pagar **4,50 € diarios** polo servizo:

Os de unidades familiares que teñen **un ou dous** menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil e teñan **unha renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01 €**.

II. Concepto de **unidade familiar e renda familiar anual neta per cápita**:

En base ao disposto no artigo 16 do Decreto 132/2013, o concepto de unidade familiar é o definido na normativa do imposto da renda das persoas físicas. De xeito resumido é o que deseguido se especifica:

- a) **Se existe matrimonio**: cónxuxes + fillos menores de 18 anos que non vivan independentes dos pais + fillos maiores de 18 anos incapacitados xudicialmente.
- b) **Se non existe matrimonio**: nai ou pai + fillos (segundo o punto anterior).
- c) ***“Nas parellas de feito que reúnan os requisitos anteriormente comentados (os supostos a) ou b) do apartado 1) formarán unha unidade familiar. O mesmo criterio é aplicable nos casos de separación ou divorcio con garda e custodia compartida.”***

O cálculo da renda per cápita familiar é a correspondente ao exercicio fiscal de 2023.

Aos efectos de orientar ás familias sobre o cálculo do importe dos prezos públicos polo uso do servizo de comedor escolar, incorpórase unha **calculadora** a través da páxina web da consellería que facilita o cálculo en función da renda neta per cápita da unidade familiar e do número de menores en idade escolar. O acceso a calculadora estará dispoñible a través do link:

<https://www.edu.xunta.es/comedores/calculadora.jsp>

III. Con esta información achégase o **modelo de autodeclaración** de prezos públicos coas súas especificacións.

IV. IMPORTANTE - Este modelo de autodeclaración será entregado polos pais/nais ou titulares legais, cuberto en todos os seus extremos nas datas indicadas pola dirección do centro.

V. IMPORTANTE: NON TERÁ QUE FACER AUTODECLARACIÓN O ALUMNADO INCLUIDO **NOS CATRO PRIMEIROS CASOS DO PUNTO I.1** DESTA NOTIFICACIÓN, QUE TERÁN COMEDOR GRATUÍTO, PRESENTANDO A DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DAS SITUACIÓNS QUE OS FAN ACREDORES Á GRATUIDADE.

VI. Pagamento por utilización do servizo de comedor:

O importe a pagar cada mes (nº de días que comeu no centro o alumno/-a multiplicados pola cantidade que deba aboar cada día) satisfacerase entre os días 1 e 20 do mes seguinte ao que se utilizou o servizo de comedor.

O pagamento poderá facerse de cada unha das seguintes formas:

- a) A través do banco (entidades autorizadas pola Consellería de Facenda).
- b) A través do Espazo Abalar, ou
- c) A través da Oficina virtual tributaria

O INCUMPRIMENTO NO PAGAMENTO IMPEDIRÁ A UTILIZACIÓN AO MES SEGUINTE DO COMEDOR ESCOLAR.

Ourense, 24 de xuño de 2024